

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MÉRCORES, 15 DE XULLO DE 2026

PRESIDENCIA

BUEU (Pontevedra)

11,00 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, acompañado pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, participará na sinatura do convenio para a humanización da rúa de Pazos de Fontenla.

TURISMO DE GALICIA

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

11,30 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, participará na presentación do *Atlantic Fest*, no marco dos Concertos do Xacobeo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

LAXE (A Coruña)

10,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará no acto de solta de aves, incluído no Plan de Conservación da pílara das dunas de Galicia.

A CORUÑA

12,30 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, recibirá ao presidente da Asociación de Emprendedores de Galicia-ASCEGA, Alfonso Salazar.

19,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará no acto de entrega do *III Premio Tomás Fábregas*, outorgado ao IES Eusebio da Guarda.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

10,30 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará as actuacións de protección da biodiversidade realizadas na praia de Doniños.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

BARALLA (Lugo)

13,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, manterá un encontro institucional co alcalde de Baralla, Miguel González.

LUGO

16,30 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará a Fan Zone instalada pola Escola Luguesa de Xadrez no marco do *I Open Internacional de Xadrez Fuxan os Ventos*.

VILALBA (Lugo)

18,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará o centro sociocomunitario.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

MARÍN (Pontevedra)

09,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na inauguración do Obradoiro Dual de Emprego *Concello de Marín II*.

POIO (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá á presentación da V Volta a Nado á Illa de Tambo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,00 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirse coa directora do Festival Internacional de Danza *Síntese Vigo*, Cristina Cameselle.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SAN CAETANO

12,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado polo secretario xeral para o Deporte, Roberto García, recibirá os ciclistas galegos premiados nos últimos Campionatos de España júnior e elite de ciclismo en ruta e escolares de BTT.

CULLEREDO (A Coruña)

16,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, asistirá á inauguración da nova estación de recarga ultrarrápida para vehículos eléctricos de Atlante España no Burgo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

NOGUEIRA DE RAMUÍN (Ourense)

12,15 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará na clausura do acto de celebración do quinto aniversario da Reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

MELIDE (A Coruña)

23,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asistirá ao musical *O Camiño do Amor*.

VIGO

10,30 h.- A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría, participará nunha xornada informativa sobre a Lei do clima de Galicia.

16,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, asistirá á reunión do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

PARLAMENTO

- 11,00 h.-** O secretario xeral técnico, Manuel Vila, responderá na Comisión 4ª dúas preguntas relacionadas coa actividade do seu departamento.
- 13,00 h.-** A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, responderá na Comisión 4ª unha pregunta relacionada coa actividade do seu departamento.

SAN CAETANO

- 10,00 h.-** A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, e a directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, manterán unha reunión de traballo con responsables de Fsas Technologies, a división global de Fujitsu.

FERROL

- 10,30 h.-** A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, reunirase con representantes da Rede de Centros Integrados de FP.

MARÍN (Pontevedra)

- 18,30 h.-** O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, asistirá ao acto de graduación da XII promoción do grao en Enxeñería Mecánica do Centro Universitario da Defensa.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

POIO (Pontevedra)

- 11,00 h.-** A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, manterá unha xuntanza co alcalde de Poio, Ángel Moldes, para valorar a aprobación do protocolo das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

A CORUÑA

12,30 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, intervirá na xornada sobre *Descarbonización industrial e tecnoloxías de captura, transporte, almacenamento e uso do CO²*.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A CORUÑA

11,00 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, asistirá á presentación do Anuario 2026 do Foro Económico de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á directora xeral de Urbanismo, Encarna Rivas, asinará co alcalde da Laracha, José Manuel López, o convenio para o financiamento dunha actuación no concello ao abeiro do Plan Hurbe da Xunta.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

11,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto co xerente da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, José Flores, visitará a Unidade de Condutas Aditivas de Vilagarcía de Arousa.

12,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto co xerente da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, José Flores, e co xerente da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, Román Gómez, manterá un encontro de traballo co alcalde de Vilagarcía de Arousa, Alberto Varela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

12,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo secretario xeral da Lingua, Valentín García, presentará a proposta de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega. Asistirán tamén a conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, e a de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**.

PARLAMENTO

10,30 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, responderá na Comisión 4ª unha pregunta relacionada co seu departamento.

Posteriormente, o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, comparecerá a petición propia.

TOMIÑO (Pontevedra)

17,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará o campo de voluntariado de Tomiño.

PADRÓN (A Coruña)

20,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará no acto do 141.º aniversario do pasamento de Rosalía de Castro.

CIDADE DA CULTURA

20,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá ao espectáculo *Carena*, que inaugura o ciclo de artes escénicas *Noitear*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño; e pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, manterá unha xuntanza cos presidentes dos Grupos de Desenvolvemento Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

11,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, reunirse co director-xerente da Fundación do Centro Tecnolóxico da Carne, Miguel Fernández.

CONSELLERÍA DO MAR

SANXENXO (Pontevedra)

11,10 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, visitará un campamento no marco da iniciativa Movemento Azul.

MOAÑA (Pontevedra)

13,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada pola presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, visitará a obra de mellora do dique mexilloeiro do porto da Mosqueira.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal